

CADERNO DE ACTIVIDADES CON PROBABILIDADES

Gonzalo Temperán Becerra

IES Monelos, A Coruña

RESUMO

O caderno de actividades con probabilidades é unha colección de diversas actividades que se poden aplicar a calquera curso de 2º ciclo de secundaria ou bacharelato. Comprende actividades de simulación de movemento, análise de labirintos, construción de táboas de números aleatorios, cálculo de probabilidades en experiencias irregulares, método de Montecarlo,...

As condicións nas que se realizan son:

- Traballo por grupos de 2 o 3 alumnos. Súmanse os datos de todos os grupos para ter mostras de máis tamaño.
- As actividades fanse na aula en 8-10 sesións e realízanse simultaneamente para optimizar o material dispoñible.
- A reiteración en diversos cursos académicos permite extraer conclusións.